

O luns 31 de xaneiro, comezou a celebrarse un mercado de periodicidade semanal na Praza do Cocello de Trabada.

Integrado por postos de froita, carne, embutidos, roupa, zapatos, churrería, etc. queda aberta a posibilidade de que outros interesados con oferta diferente da existente poidan establecerse.

Despois dun mes pódese dicir que o mercado semanal está a ser un éxito; a iniciativa foi acollida positivamente polos trabadenses, que cada luns acoden ao mercado en lugar de desplazarse a localidades veciñas para as súas compras.

Desde o Concello animamos a todo o mundo a acudir e contribuír ao afianzamento desta iniciativa.